



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Políticas preventivas: terceiro sector, proxectos de cooperación internacional e codesenvolvemento		Código	615472207
Titulación	Mestrado Universitario en Migracións Internacionais: Investigación, Políticas Migratorias e Mediación Intercultural			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencia Política da Administración			
Coordinación	Golías Pérez, Montserrat	Correo electrónico	montserrat.golias@udc.es	
Profesorado	Golías Pérez, Montserrat	Correo electrónico	montserrat.golias@udc.es	
Web	www.esomi.es			
Descrición xeral	Esta materia está dirixida a presentar os principais actores, modelos, estratexias de intervención, problemas e potencialidades da cooperación internacional para o desenvolvemento. Búscase desenvolver unha capacidade crítica e pragmática en relación cos conceptos de "desenvolvemento" e "codesenvolvemento".			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A3	Relativizar e valorar o impacto das migracións internacionais nas sociedades de orixe e destino en función do cambio social que xeran, dos intereses en xogo, e da construción social das identidades culturais
A4	Profundidade na análise dos movementos migratorios asociados á historia e á situación actual de Galicia, como orixe e como destino
A5	Comprender os argumentos filosóficos e xurídicos tras as distintas perspectivas sobre as migracións internacionais e as problemáticas sociais que xeran.
A9	Manexar os conceptos fundamentais no estudo das migracións internacionais
A11	Ter suficiente capacidade de abstracción para presentar o fenómeno migratorio dende unha perspectiva macro-sociolóxica e na súa relación máis ampla coa estrutura social e o mercado de traballo
B1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
B2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
B3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos
B7	Resolver problemas de forma efectiva
B10	Traballar de forma colaboradora
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional
B13	Capacidade para a aprendizaxe de novos métodos e teorías, que doten dunha gran versatilidade para adaptarse a novas situacións
B14	Comunicar por escrito e oralmente os coñecementos procedentes da linguaxe científica
B15	Capacidade para resolver problemas con iniciativa, toma de decisións, creatividade, razoamento crítico e de comunicar e transmitir coñecementos, habilidades e destrezas
C1	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C2	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras a fin de emprender, xestionar ou dirixir organizacións ou empresas do terceiro sector.
C3	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C5	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.



Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Adquirir un coñecemento xeral acerca da realidade da cooperación internacional ao desenvolvemento, dos seus actores, modelos, estratexias de intervención, problemas, contradicións e potencialidades.	AM3 AM4 AM5 AM9 AM11	BM10 BM11 BM14 BM15	CM1 CM2 CM3 CM5
Xerar unha capacidade crítica e pragmática (teórica e práctica) en relación co concepto de desenvolvemento e codesenvolvemento.	AM3 AM11	BM1 BM2 BM3 BM7 BM10 BM11 BM13	CM1 CM2 CM3 CM5

Contidos

Temas	Subtemas
1. Introducción ao concepto de desenvolvemento	Marco histórico-social, correntes, críticas e desenvolvemento científico actual. Os debates en torno ao desenvolvemento. Globalización e dinámicas norte-sur. A relación entre desenvolvemento e migracións internacionais.
2. O concepto de codesarrollo e o seu ámbito de aplicación.	O desenvolvemento e codesenvolvemento vinculado ao estudo das migracións internacionais. Contradicións, limitacións e potencialidades na práctica da cooperación internacional ao desenvolvemento. Os debates en torno ao codesenvolvemento.
3. Introducción ao terceiro sector: concepto, teoría e práctica.	Da política de cooperación internacional ao desenvolvemento en España. O plan Director da Cooperación Española. Obxectivos e liñas de acción. Análise crítica da política de cooperación española ao desenvolvemento.
4. Panorama xeral da cooperación internacional para o desenvolvemento en España.	Orixe e evolución da Cooperación Internacional para o Desenvolvemento. A política de cooperación internacional ao desenvolvemento en España. O Plan Director da Cooperación Española. Obxectivos e liñas de acción. Análise crítica da política de cooperación española ao desenvolvemento.
5. Metodoloxía aplicada á intervención	A elaboración de proxectos de cooperación ao desenvolvemento. Introducción ao enfoque do Marco Lóxico. Os proxectos aplicados á realidade práctica: obstáculos e limitacións nos proxectos de cooperación internacional ao desenvolvemento.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A4 A5 A9 B3 B10 B14 C3 C5	10	5	15
Prácticas a través de TIC	B7 B13 C1 C2 C3 C5	10	10	20
Traballos tutelados	A3 A11 B1 B2 B11 B14 B15	15	10	25
Análise de fontes documentais	B2 B3 B7 B10 B15 C1 C2 C3 C5	10	0	10
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Análise de textos e fontes secundarias de diversa índole. Realización, presentación e discusión do traballo na aula.
Prácticas a través de TIC	Prácticas na aula por cada un dos temas teóricos. A través de fontes documentais de diverso tipo.
Traballos tutelados	Realización dun traballo orixinal que responda a unha intervención de cooperación ao desenvolvemento ou de educación para o desenvolvemento. Traballo na aula e externo.
Análise de fontes documentais	Tratamento de fontes bibliográficas e bases de datos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Traballos tutelados e titorías

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Lecturas	A4 A5 A9 B3 B10 B14 C3 C5	Análise de textos e fontes secundarias de diversa índole. Realización, presentación e discusión do traballo na aula	30
Traballos tutelados	A3 A11 B1 B2 B11 B14 B15	Realización de dous traballos orixinais que respondan a unha intervención de codesenvolvemento e a outra de cooperación internacional para o desenvolvemento baixo o enfoque do Marco Lóxico	70

Observacións avaliación

Os alumnos a distancia farán o mesmo tipo de avaliación, con idénticas porcentaxes e idénticos criterios, aínda que requirirán dunha tutorización máis frecuente, para o que dispoñerán de moodle, correo electrónico e skype. O sistema seralles explicada ao inicio do curso.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - De Castro, J. (1951). Geopolítica del hambre: ensayos sobre los problemas alimentarios y demográficos del mundo.. Brasil: Dimensión Americana - CEPAL (2012). Globalización y desarrollo.. - Chang, H.J. (2004). Retirar la escalera: la estrategia del desarrollo en perspectiva histórica. Madrid: Los Libros de la Catarata - Calvo, S; Hernando, MJ y Souto, J. (2005). Glosario para comprender la globalización. El poder de las siglas: mostrar y ocultar.. Madrid: Departamento de Estudios y Documentación de Manos Unidas - Pérez de Armiño, K. (2001). Diccionario de Acción Humanitaria y Cooperación al Desarrollo.. Barcelona: Icaria Considerase bibliografía básica: ? Hein De Haas (2006): ?Sistemas migratorios en el Norte de África: Evolución, transformaciones y vínculos con el desarrollo?, Migración y Desarrollo, nº. 2, pp. 63-92. Link: http://www.heindehaas.com/articles.html ? Alejandro I. Canales (2008): ?Remesas y desarrollo en América Latina. Una relación en busca de teoría?, Migración y Desarrollo, nº. 11, pp. 5-30.Link: http://rimd.reduaz.mx/revista/rev11/c1.pdf ? Raúl Delgado Wise, Humberto Márquez Covarrubias e Héctor Rodríguez Ramírez (2009): ?Seis tesis para desmitificar el nexa entre migración y desarrollo?, Revista Migración y Desarrollo, nº.12, pp. 27-52. Link: http://rimd.reduaz.mx/pagina/secciones?id=244
Bibliografía complementaria	



Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías